

CIRCULAR 54/2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

ACORDOS APROBADOS NA COMISIÓN DELEGADA DO DÍA 27/05/2016

Infórmase a todos os estamentos do atletismo galego dos acordos aprobados pola Comisión Delegada celebrada o pasado 27 de maio, e que afectan a diferentes normativas vixentes da FGA.

Abono do 50% das facturas proformas para a organización de probas incluídas no Calendario Oficial da FGA

Todos os organizadores de probas incluídas no Calendario Oficial da FGA terán a obriga de abonar o 50% da factura proforma xenerada pola FGA antes da competición. A medida afecta a todos os organizadores de probas en pista, ruta, montaña ou campo a través, con excepción dos organizadores que utilicen a plataforma de pago de inscricións da FGA. Nese caso non terán que abonar o 50% de anticipo xa que a FGA terá garantido o pago da factura cas inscricións que se xeneren na plataforma.

Esta medida entra en vigor dende a publicación desta circular. O abono do 50% terá que facerse a lo menos cunha semana de antelación ao evento. No caso de non abonar o 50% a FGA retirará a proba do calendario e anulará todos os servizos solicitados polo organizador incluídos os xuíces. O resto do abono da factura farase nos vindeiros 30 días como máximo dende a data do evento.

Con esta medida a FGA pretende axilizar os pagos aos xuíces e adestradores do Plan Galego de Tecnificación Deportiva que sufren os importantes retrasos dos pagos pendentes tanto de entidades públicas como privadas.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Tasa de 50 € para levar a trámite unha denuncia ante o xuíz instructor, devolvéndose en caso de ser favorable.

Por acordo da Comisión Delegada apróbase a tasa de 50 euros para tramitar calquer denuncia xenerada ante o xuíz instructor da FGA. Esta tasa devolversase ao interesado no caso de ser favorable a resolución da mesma.

Ausencia de xuíces en probas non competitivas que non teñan ningún tipo de clasificación e premiación para os participantes, agás sorteo de agasallos

Apróbase que en aquelas probas non competitivas ou andainas solidarias que non teñen ningún tipo de clasificación, nin premiacións a posibilidade de non enviar xuíces á mesma. Será o Comité de Xuíces quen decida si se envía un xuíz ou ningún.

Incremento do 1% sobre o custo da inscrición nas probas incluídas no Calendario Oficial da FGA que utilicen a pasarela de pago

Acórdase repercutir o gasto bancario do 1% do valor da inscrición naqueles organizadores que utilicen a plataforma bancaria da FGA.

Participación de atletas invidentes

Acórdase facilitar a participación de atletas invidentes nas diferentes probas de carreiras celebradas en controis técnicos, para facer efectiva esta medida os organizadores destas probas deben incluír un punto no regulamento donde sinalen que admiten a participación de atletas invidentes.

Contratación dun servizo xurídico

Acórdase a contratación dun servizo xurídico para afrontar todas as reclamacións ante o xuíz instructor e expedientes disciplinarios.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 9 de xuño de 2016